

# FLORES DE EQUINOCCIO

Yasujiro Ozu, 1958

ESTREA EN NUMAX: 23.01.2024 | V.O.S.E. | 118 min

A un home de negocios os seus amigos lle piden acotío consellos sobre o matrimonio, a vida conxugal e familiar. A súa serenidade e agudas análises permítenlle atopar consello atinado para cada situación. Porén, cando el mesmo ten que afrontar unha delicada situación que afecta a súa filla maior, tropeza con grandes atrancos para atopar unha solución ao conflito.

«Filme alegre e poderoso sobre unha muller que quere elixir o seu propio marido a pesar das obxeccións familiares»

Michael E. Grost, CLASSIC FILM AND TELEVISION

# 1229

# FLORES DE EQUINOCCIO

Yasujiro Ozu, 1958

ESTREA EN NUMAX: 23.01.2024 | V.O.S.E. | 118 min

A un home de negocios os seus amigos lle piden acotío consellos sobre o matrimonio, a vida conxugal e familiar. A súa serenidade e agudas análises permítenlle atopar consello atinado para cada situación. Porén, cando el mesmo ten que afrontar unha delicada situación que afecta a súa filla maior, tropeza con grandes atrancos para atopar unha solución ao conflito.

«filme alegre e poderoso sobre unha muller que quere elixir o seu propio marido a pesar das obxeccións familiares»

Michael E. Grost, CLASSIC FILM AND TELEVISION

# 1229



## Unha cuestión de ton e atmosfera

Por Donald Richie

A partir de *Crepúsculo de Toquio*, Yasujiro Ozu pasou a interesarse pola xeración máis nova, ou polo menos polos seus membros máis rebeldes. A filla tradicionalista de *Primavera tardía* (1949) é bastante diferente das raparigas modernas destes filmes tardíos. Tal e como di Ozu:

“Neste filme eu son, penso, máis comprensivo cos pais. Todos os filmes máis recentes rexeitan os seus valores e aproban o comportamento da xuventude. Neste filme as fillas parecen bastante modernas, pero en realidade son tradicionais. O pai parece ser bastante razoable e prestar bos consellos ás outras persoas, pero no que respecta aos seus propios problemas di unha cousa e quere dicir outra... El criou a súa filla e preocúpase do seu casamento. Ela emparellou sen dicirlle nada. El sabe que a escolla dela foi boa, pero está resentido por non ter sido consultado, sen por iso ser quen de opoñerse completamente ao casamento. É esta tensión no pai o que eu quería amosar no filme”

*Flores de equinoccio* contén, consecuentemente, algunhas críticas implícitas ao sistema familiar xaponés, aínda que non o rexeite por completo. Ozu nunca tivo co sistema familiar o mesmo tratamento irónico que deu, por caso, ao sistema social. O filme evita de tal forma tomar partido que é imposible dicir se a xeración máis nova ou a máis vella é boa ou mala. É un filme equilibrado arredor da vida familiar xaponesa, feito con coidada ironía.

Este foi o primeiro filme en cores de Yasujiro Ozu. Unha ducia de anos antes escribira: “A cor está ben de cando en vez, pero vela todo o tempo á como comer *tendon* (tempura con arroz), acabas cansando”. No ano da realización do filme, 1958, afirmaba que “sentía que me había de arrepentir máis adiante se non daba o paso agora”, e os críticos que puxeran obxeccións á artificialidade dos decorados nos filmes anteriores (moi limpos, amañados, non naturalistas) atopan agora novas razóns de queixa cun sistema de cor (Agfacolor) que facía que todas as cousas fosen bonitas de máis. Ozu, no entanto, quedou satisfeito dos efectos da cor desde o inicio. “Mesmo cando estaba a usar o branco e negro estiven sempre interesado no ton e na atmosfera polo que non será moi difícil conseguila coa cor. O vermello resulta marabilloso co Agfacolor”. Non tiña ningún dos reparos que si amosou á hora de empregar por vez primeira o sistema sonoro. Aínda así, a idea inicial de facer un filme en cores parece que veu da produtora, e non de Ozu, que querían facer xustiza á beleza da daquela moi famosa Fujiko Yamamoto.

Publicado en “Ozu” (Donadd Richie, The Stone and the Plot, 2020)

## Unha cuestión de ton e atmosfera

Por Donald Richie

A partir de *Crepúsculo de Toquio*, Yasujiro Ozu pasou a interesarse pola xeración máis nova, ou polo menos polos seus membros máis rebeldes. A filla tradicionalista de *Primavera tardía* (1949) é bastante diferente das raparigas modernas destes filmes tardíos. Tal e como di Ozu:

“Neste filme eu son, penso, máis comprensivo cos pais. Todos os filmes máis recentes rexeitan os seus valores e aproban o comportamento da xuventude. Neste filme as fillas parecen bastante modernas, pero en realidade son tradicionais. O pai parece ser bastante razoable e prestar bos consellos ás outras persoas, pero no que respecta aos seus propios problemas di unha cousa e quere dicir outra... El criou a súa filla e preocúpase do seu casamento. Ela emparellou sen dicirlle nada. El sabe que a escolla dela foi boa, pero está resentido por non ter sido consultado, sen por iso ser quen de opoñerse completamente ao casamento. É esta tensión no pai o que eu quería amosar no filme”

*Flores de equinoccio* contén, consecuentemente, algunhas críticas implícitas ao sistema familiar xaponés, aínda que non o rexeite por completo. Ozu nunca tivo co sistema familiar o mesmo tratamento irónico que deu, por caso, ao sistema social. O filme evita de tal forma tomar partido que é imposible dicir se a xeración máis nova ou a máis vella é boa ou mala. É un filme equilibrado arredor da vida familiar xaponesa, feito con coidada ironía.

Este foi o primeiro filme en cores de Yasujiro Ozu. Unha ducia de anos antes escribira: “A cor está ben de cando en vez, pero vela todo o tempo á como comer *tendon* (tempura con arroz), acabas cansando”. No ano da realización do filme, 1958, afirmaba que “sentía que me había de arrepentir máis adiante se non daba o paso agora”, e os críticos que puxeran obxeccións á artificialidade dos decorados nos filmes anteriores (moi limpos, amañados, non naturalistas) atopan agora novas razóns de queixa cun sistema de cor (Agfacolor) que facía que todas as cousas fosen bonitas de máis. Ozu, no entanto, quedou satisfeito dos efectos da cor desde o inicio. “Mesmo cando estaba a usar o branco e negro estiven sempre interesado no ton e na atmosfera polo que non será moi difícil conseguila coa cor. O vermello resulta marabilloso co Agfacolor”. Non tiña ningún dos reparos que si amosou á hora de empregar por vez primeira o sistema sonoro. Aínda así, a idea inicial de facer un filme en cores parece que veu da produtora, e non de Ozu, que querían facer xustiza á beleza da daquela moi famosa Fujiko Yamamoto.

Publicado en “Ozu” (Donadd Richie, The Stone and the Plot, 2020)